



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a. Del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e seis de abril de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asiste os señores deputados don Efrén Castro Caloto, don Iván Castro Díaz e don Carlos López López.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	1/72



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZANOVE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de abril de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORRAXES SECAS PARA O GANDO DA GRANXA GAYOSO CASTRO PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de forraxes secas para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo, 2024/CON_02/000037, consta no mesmo:


- 1.- Orden de inicio de expediente e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XTXBDDURKJCPMAE4AOERSMM¹.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola técnica do Servizo de Benestar Social con CSV: IV7XTXB2FL42XHFZ4N4W6RL7M4.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XSP2SGF6KTCXJCVQH6BCF7Y.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7X4TAONUHMVJPNWTXBOMYQ64.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7X4TJ03AODSX6SUF05GZAUAU.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7X4TS7PEE7ISRYA4PDI4LPCE.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación da subministración de forraxes secas para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo, 2024/CON_02/000037, para unha duración de 1 ano, coa posibilidade de prorrogalo de forma anual 2 veces mais ata un máximo total de 3 anos.

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	2/72





2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 60.500,00 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 6.050,00 €, o que fai un total de 66.550,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

2024		2025		TOTAL
Importe	Doc. Contable RC	Importe	Doc. Contable RC	
30.250,00 €	22024/10224	30.250,00 €	220249/176	60.500,00
(+3.025,00 IVE DED.)		(+3.025,00 IVE DED.)		(+6.050,00 IVE DED.)

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2024, polo importe relacionado, para a anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2025 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	3/72



TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL, LOTES (ZONAS) 5 E 6, 2024-2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes do servizo de execución de diversas operacións de conservación na Rede viaria provincial, lotes (zonas) 5 e 6. Anualidade 2024-2025. Expediente nº: 2024/CON_02/000015, consta no mesmo:

1. Orden de inicio, con CSV: IV7WECICPIUNRJF5ULQEMEBU5Y.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54.
3. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7XSMHPZVZDL3Z25X6AK47DJY.
4. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7XSGS33M7LZ7UY5VIAF52H4A.
5. Informe de persoal con dereito a subrogación.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XTTZDB4TSXON2IUBGYXDI4.
7. Informe xurídico, con CSV: IV7XTQP23ZJD77FJ3QNAGUZTOY.


Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes do servizo de execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial, lotes (zonas) 5 e 6. Anualidade 2024-2025. Expediente nº: 2024/CON_02/000015.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, contemplando a modalidade do procedemento e plena definición das prestacións a contratar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade,

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	4/72





transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). O prazo de presentación de proposicións, nesta modalidade de contratación de servizos suxeita a regulación harmonizada, será de 30 días naturais, contados desde a data de envío ao DOUE, precisando na Plataforma de Contratos do Sector Público o último día para presentar proposicións (art. 156.2 e 156.3 ap.c) da LCSP).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 0 orzamento base de licitación deste contrato ascende 731.819,63 euros máis 153.682,12 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un cómputo total de 885.501,75 euros e está integrado polos seguintes conceptos desglosados por lotes:

Presupuesto base de licitación total del Contrato: 885.501,75.

	Zona 5	Zona 6
Importe sen IVE	365.230,61	366.589,02
IVE	76.698,43	76.983,69
Importe Total	441.929,04	443.572,71

O prezo total incluído IVE ascende a 885.501,75 euros e financíase dacordo as seguintes anualidades:

	Zona 5	Zona 6	Total
Anualidade 2024:	157.518,48 €	158.066,37 €	315.584,85 €
Anualidade 2025:	284.410,56 €	285.506,34 €	569.916,90 €
Orzamento base de licitación:	441.929,04 €	443.572,71 €	885.501,75 €
Valor estimado:	365.230,61 €	366.589,02 €	731.819,63 €

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír ns orzamento das anualidade 2025, a cantidade de 569.916,90 euros respectivamente na aplicación orzamentaris que corresponda.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PRECISOS PARA A MATERIALIZACIÓN DO PLAN DE MEDIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	5/72



“Lote 3. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico integramente en lingua galega.


Vista a acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18 de abril de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7P3SAINUJKITN62M54ADQPOQ².
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WRUACZV7TWSXM3R5XCALQ4I.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WST2Y3BODR24K2FOSL73AP4.
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WWXZZMA5MTPPKTV5D4EYXAU.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WSL3PDAVO5SMIWQPRKFQTAE.
6. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7WSLZSZZGTVGG7SA7S6A7Q4I.
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WWXZZMA5MTPPKTV5D4EYXAU.
8. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7WSPK6FJR2JX4LTUU5O3TAAM.
9. Acordo da Xunta de Goberno de data 29 de decembro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7W437PGA6YJX7IVT5XILQQOM.
10. Acordo da Xunta de Goberno de 19 de xaneiro de 2024, con CSV: IV7W6LTCFH54JLNPZUVCH5A6EA, de corrección de erro material no prego de prescricións técnicas.
11. Anuncio de licitación publicado o 19 de xaneiro de 2024 na Plataforma de Contratos do Sector Público, enviado ao DOUE o mesmo día e publicado 22 de xaneiro de 2024 neste Diario.
12. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 9 de febreiro de 2024, con CSV: IV7W3WA3DIM55GWTQEFROJYUIM, que acordou o seguinte:
(...) “Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	6/72





LICITADORES
EL PROGRESO DE LUGO S.L. - LOTE 1 LA VOZ DE GALICIA, S.A. - LOTE 2 SERMOS GALIZA S.A. - LOTE 3 ECOVIGO PUBLICIDAD S.L. - LOTE 4 GALICIA MEDIA SL - LOTE 4 GLOCALLY COMUNICACION INTEGRAL, S.L. - LOTE 4 RECLAM PUBLICIDAD, MARKETING Y ARTES GRAFICAS, S.A.U. - LOTE 4

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede acto seguido á calificación dos sobres que conteñen a declaración responsable, cos seguintes resultados:

Lote 1. O Anexo I presentado pola empresa El Progreso de Lugo S.L., axústase aos requisitos esixidos no PCAP. No tocante ao Estudo Xeral de Medios e da Oficina de Xustificación da Difusión (ODJ), a documentación administrativa achegada non resulta concluínte, concretamente no que se refire á cota de mercado. A mesa de contratación califica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade:

Requirir á empresa El Progreso de Lugo S.L. para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, subsane no prazo de tres días hábiles a documentación administrativa.

Non abrir as ofertas económicas ata que se leve a cabo o trámite de subsanación.

Lote 2. O Anexo I presentado pola empresa La Voz de Galicia S.A., axústase aos requisitos esixidos no PCAP. No tocante ao Estudo Xeral de Medios e da Oficina de Xustificación da Difusión (ODJ), a documentación administrativa achegada non resulta concluínte, concretamente no que se refire á cota de mercado. A mesa de contratación califica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade:

Requirir á empresa La Voz de Galicia S.A., para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, subsane no prazo de tres días hábiles a documentación administrativa.

Non abrir as ofertas económicas ata que se leve a cabo o trámite de subsanación.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados que se transcriben a continuación:

Lote 3. Proposta presentada:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	ACREDITACIÓN ISO 14001	PUBLICACIÓN ANUAL PÁXINAS IMPARES EN COR	DÍAS ANUAIS DE PUBLICACIÓN DE BANNER EN MEDIO ONLINE
SERMOS GALIZA S.A.	50,00%	Non achega	5	192

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	7/72



Á vista da proposta presentada a mesa de contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADORES	OFERTA ECONOMICA	ACREDITACIÓN ISO 14001	PUBLICACIÓN ANUAL PÁXINAS IMPARES EN COR	DÍAS ANUAIS DE PUBLICACIÓN DE BANNER EN MEDIO ONLINE	NOTA TOTAL
SERMOS GALIZA S.A.	90	0	5	4	99

Tendo en conta que a única empresa licitadora concorrente oferta unha baixada de prezo superior ao 25%, a mesa de contratación en aplicación do establecido no artigo 149da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e na cláusula 13 do PCAP, acorda conceder o trámite de audiencia á empresa Sermos Galiza S.A., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación.

Lote 4. Ofertas presentadas:

LICITADORES	PREZO OFERTADO RADIO	PREZO MEDIOS ON LINE	PREZO SUPLEMENTOS	PREZO TELEVISIÓN	PREZO AXENCIAS	COMISIÓN CAMPAÑAS	COMISIÓN CREATIVIDADE
ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	65,00%	25,00%	10,00%	80,00%	40,00%	1,00%	1,00%
GALICIA MEDIA S.L.	56,80%	50,20%	48,60%	85,38%	10,60%	1,00%	3,80%
GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL S.L.	78,00%	48,00%	35,00%	90,00%	90,00%	1,00%	1,00%
RECLAM PUBLICIDAD, MARKETING Y ARTES GRÁFICAS S.A.U.	15,00%	8,00%	8,00%	8,00%	8,00%	2,00%	3,00%

Á vista das propostas presentadas a mesa de contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	8/72





LICITADORES	PREZO OFERTADO RADIO	PREZO MEDIOS ON LINE	PREZO SUPLEMENTOS	PREZO TELEVISIÓN	PREZO AXENCIAS	COMISIÓN CAMPAÑAS	COMISIÓN CREATIVIDADE	TOTAL
ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	25	9,96	4,12	4,44	2,22	10	10	65,74
GALICIA MEDIA S.L.	21,85	20	20,00	4,74	0,59	10	2,63	79,81
GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL S.L.	30	19,12	14,40	5	5	10	10	93,52
RECLAM PUBLICIDAD, MARKETING Y ARTES GRÁFICAS S.A.U.	5,77	3,19	3,29	0,44	0,44	5	3,33	21,46

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

2023/CON_02/000066 Lote 4					
PRECIO	447.520,66				
OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	156.632,23	290.888,43	65,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
GALICIA MEDIA S.L.	193.328,93	254.191,73	56,8000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL S.L.	98.454,55	349.066,11	78,0000%	Se incluye	Es Baja Temeraria
RECLAM PUBLICIDAD, MARKETING Y ARTES GRÁFICAS S.A.U.	380.392,56	67.128,10	15,0000%	No se incluye	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	207.202,07	240.318,59	66,60%	149.471,90	Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			69,94%	134.524,71	

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Glocally Comunicación Integral S.L., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP;

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	9/72



ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo. Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de ofertas desproporcionadas existentes e se convoque novamente á Mesa para exame dos preceptivos informes técnicos.

13.- Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 23 de febreiro de 2024, con CSV IV7WFWYCZF4JL6N7CB5EOX76EM, que acordou o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta que El Progreso de Lugo S.L, en relación co lote 1 e La Voz de Galicia S.A, en relación co lote 2, presentaron a documentación requirida na sesión precedente, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por estes licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados que se transcriben a continuación. A Mesa de Contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

PUNTUACIÓN MÁXIMA	DESCRIPCIÓN	LOTE 1		LOTE 2	
90	Oferta económica expresada en porcentaxe de desconto	90 puntos	45,00 %	90 puntos	5,00 %
1	Disposición certificado ISO 14001 de xestión ambiental ou similar	0 puntos	NON	0 puntos	NON
5	Publicación anual de páxinas impares en cor sen custo	5 puntos	5	2 puntos	2
4	Días anuais de publicación de banner en medio online sen custo	4 puntos	192 horas	1 punto	48 horas
	TOTAL	99 puntos		93 puntos	

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

No relativo ao Lote 1, tendo en conta que a única empresa licitadora concorrente oferta unha baixada de prezo superior ao 25%, a mesa de contratación en aplicación do establecido no artigo 149da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e na cláusula 13 do PCAP, acorda conceder o trámite de audiencia á empresa El Progreso de Lugo S.L., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	10/72





aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación.

En canto ao Lote 2, a única licitadora presentada non está incurso en oferta anormalmente baixa ou desproporcionada.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente no lote 1 e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico".

14.- Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 7 de marzo de 2024, con CSV IV7WHSKBF7J3J2CJI5GAXRMI, que acordou o seguinte:

(...)”A Mesa de Contratación, reunida en datas 9 e 23 de febreiro de 2024, acordou conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, aos licitadores El Progreso de Lugo S.L. (lote 1), Sermos Galiza S.A. (lote 3) e Glocally Comunicación Integral S.L. (lote 4), por un prazo de cinco días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.


Deuse traslado do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa ás empresas, que presentaron as xustificacións en prazo.

Por parte do Servizo de Comunicación e TICs, emitiron informes relativos a cada unha de ditas ofertas, con CSV: IV7WGYBMNU6TX3PMVTQHKTTR4Q, IV7WGYBMGAJ3UVOZQF4BCBJW4A e IV7WGYBNN4GZ3NJCUVFT57TUCY, que conclúen, nos tres casos:

“A xuízo de quen subscribe, en base ao escrito presentado pola empresa sinalada, consideramos que a información achegada pola citada empresa, explica satisfactoriamente o baixo prezo unitario presentado na fase de presentación de ofertas económicas e que explica a viabilidade e seriedade da oferta para realizar con garantía de éxito a presente contratación.”

A Mesa acorda aceptar os informes do Servizo de comunicación e TICs e, en consecuencia, aceptar as xustificacións das ofertas, por unanimidade dos presentes.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	11/72



Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Aceptar as xustificacións presentadas polas empresas para os lotes 1, 3 e 4, de conformidade cos informes do Servizo de comunicación e TICs.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial.

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	EL PROGRESO DE LUGO S.L.	99 puntos

Lote 2. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico.

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	LA VOZ DE GALICIA S.A.	93 puntos

Lote 3. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico integramente en lingua galega.


Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	SERMOS GALIZA S.A.	99 puntos

Lote 4. Servizos dunha axencia para a difusión e creación de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL S.L.	93,52 puntos
2	GALICIA MEDIA S.L.	79,81 puntos
3	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	65,74 puntos
4	RECLAM PUBLICIDAD, MARKETING Y ARTES GRÁFICAS S.A.U.	21,46 puntos

3º.- Requerir ás empresas El Progreso de Lugo S.L., La Voz de Galicia S.A., Sermos Galiza S.A. e Glocally Comunicación Integral S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	12/72





Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LOTE	MELLOR VALORADO	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (letra G do PACP: a licitación adxudicarase polo orzamento máximo)	IMPORTE DA GARANTÍA
LOTE 1. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial.	EL PROGRESO DE LUGO S.L.	537.190,08 €	53.719,01 € (10% oferta incursa inicialmente en presunción de desproporcionada)
LOTE 2. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico.	LA VOZ DE GALICIA S.A	403.305,79 €	20.165,29 € (5%)
LOTE 3. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico integramente en lingua galega.	SERMOS GALIZA S.A.	33.057,85 €	3.305,79 € (10% oferta incursa inicialmente en presunción de desproporcionada)
LOTE 4. Servizos dunha axencia para a difusión e creación de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.	GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL S.L	447.520,66 €	44.752,07 € (10% oferta incursa inicialmente en presunción de desproporcionada)

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

15.- Resolución de Presidencia de 11 de marzo de 2024, con CSV IV7XUXPK3ZPM33Z6YYQBHYAK4, de clasificación e requirimento de documentación.

16.- Requisito de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 12 de marzo de 2024.

17.- Documentación presentada polas empresas a través da plataforma de contratación do sector público e da sede electrónica da Deputación de Lugo.

18.- Acta da Mesa de contratación, reunida o 4 de abril de 2024, con CSV IV7XQ222PBJ4VCOODR7DMD7HGI, que acordou o seguinte:

“(…) aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que as licitadoras presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación de Lugo a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpórase ao expediente polo Servizo de Contratación:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	13/72



Certificado de inscrición e de apoderamento do Rexistro de contratistas, certificado de recadación provincial e alta en IAE de El Progreso de Lugo S.L.

Alta en IAE e bastanteo de poder emitido pola Asesoría xurídica provincial, de Sermos Galiza S.A.

Certificado de recadación provincial de Glocally Comunicación Integral S.L.

En canto ao lote 3 (Sermos Galiza S.A.), a licitadora presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación, a excepción de:

Certificados de boa execución que sumen o importe de solvencia técnica esixido de 23.140,50 euros anuais sen IVE (presentou unicamente os contratos).

Acreditar que conta con persoal que polo menos posúa un título acreditativo de coñecemento do idioma Celga-4 ou superior, polo que debe presentar dito título Celga 4 ou superior (presentou unicamente declaración de que varios traballadores o teñen).

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir a Sermos Galiza S.A. (Lote 3) para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Certificados de boa execución que sumen o importe de solvencia técnica esixido de 23.140,50 euros anuais sen IVE (presentou unicamente os contratos).

Acreditar que conta con persoal que polo menos posúa un título acreditativo de coñecemento do idioma Celga-4 ou superior, polo que debe presentar dito título Celga 4 ou superior (presentou unicamente declaración de que varios traballadores o teñen).

Significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

En canto aos lotes 1, 2 e 4, tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	14/72





poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:


1º.- Adxudicar á empresa El Progreso de Lugo S.L. a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación provincial de Lugo, 2023/CON_02/000066, Lote 1. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial, polo importe máximo de 537.190,08 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 112.809,92 €, o que fai un total de 650.000,00 €, para unha duración de un ano, con posibilidade de tres prórrogas de un ano e con aplicación dunha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios máximos establecidos para esta contratación de 45 %, 5 páxinas impares anuais en cor sen custo e 192 horas anuais de publicación de banner 120 x 600 px en medio online sen custo.

2º.- Adxudicar á empresa La Voz de Galicia S.A. a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación provincial de Lugo, 2023/CON_02/000066, Lote 2. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico., polo importe máximo de 403.305,79 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 84.694,21 €, o que fai un total de 488.000,00 €, para unha duración de un ano, con posibilidade de tres prórrogas de un ano e con aplicación dunha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios máximos establecidos para esta contratación de 5 %, 2 páxinas impares anuais en cor sen custo e 48 horas anuais de publicación de banner 120 x 600 px en medio online sen custo.

3º.- Adxudicar á empresa Glocally Comunicación Integral S.L a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación provincial de Lugo, 2023/CON_02/000066, Lote 4. Servizos dunha axencia para a difusión e creación de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo, polo importe máximo de 447.520,66 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 93.979,34 €, o que fai un total de 541.500,00 €, para unha duración de un ano, con posibilidade de tres prórrogas de un ano e con aplicación das seguintes porcentaxes de desconto/comisión:

1.- Oferta económica expresada en porcentaxe de desconto para RADIO	78,00 %
2.- Oferta económica expresada en porcentaxe de desconto para MEDIOS ON LINE	48,00 %
3.- Oferta económica expresada en porcentaxe de desconto para SUPLEMENTOS/PRENSA	35,00 %
4.- Oferta económica expresada en porcentaxe de desconto para TELEVISIÓN	90,00%
5.- Oferta económica expresada en porcentaxe de desconto para AXENCIAS DE NOTICIAS	90,00 %
6.- Oferta económica expresada en porcentaxe de comisión por XESTIÓN DE CAMPAÑAS	1,00 %
7.- Oferta económica expresada en porcentaxe de comisión por CREATIVIDADE DE CAMPAÑAS	1,00 %

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	15/72



19.- Requirimento de subsanación de documentación do artigo 150 dirixido a Sermos Galiza S.A. (lote 3) efectuado con data 5 de abril de 2024 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

20.- Documentación presentada por Sermos Galiza S.A. (lote 3) o 10 de abril de 2024, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 18 de abril de 2024, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente: certificados de boa execución que suman o importe de solvencia técnica esixido de 23.140,50 euros anuais sen IVE e acreditación de que conta con persoal que polo menos posúa un título Celga 4.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:


Adxudicar á empresa Sermos Galiza S.A. a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación provincial de Lugo. 2023/CON_02/000066, Lote 3. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico integramente en lingua galega, polo importe máximo de 33.057,85 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 6.942,15 €, o que fai un total de 40.000,00 €, para unha duración de un ano, con posibilidade de tres prórrogas de un ano e con aplicación dunha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios máximos establecidos para esta contratación de 50 %, 5 páxinas impares anuais en cor sen custo e 192 horas anuais de publicación de bñner en medio online sen custo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade proponse que. pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Sermos Galiza S.A. a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación provincial de Lugo.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	16/72





2023/CON_02/000066, Lote 3. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico integramente en lingua galega, polo importe máximo de 33.057,85 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 6.942,15 €, o que fai un total de 40.000,00 €, para unha duración de un ano, con posibilidade de tres prórrogas de un ano e con aplicación dunha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios máximos establecidos para esta contratación de 50 %, 5 páxinas impares anuais en cor sen custo e 192 horas anuais de publicación de bñner en medio online sen custo.

O gasto financiarase con cargo á anualidade do 2024 da maneira seguinte:

SERMOS GALIZA, S.A.	LOTE 3	A70301510
APLICACIÓN	LOTE 3	D
AREA DE GASTO 2		
CENTRAD 2413.22602	6.500,00	92024/3788
AREA DE GASTO 3		
CULTURA 3340.22602	7.500,00	92024/3790
DEPORTES 3410.22602	7.500,00	92024/3791
MPL 3330.22602	6.500,00	92024/3792
MOCIDADE 3342.22602	1.500,00	92024/3793
AREA DE GASTO 4		
MEDIO RURAL 419022603	7.500,00	92024/3795
AREA DE GASTO 9		
ADMINISTRACION XERAL 9200.22602	3.000,00	92024/3796
SUMAS	40.000,00	


Existe consignación nas aplicacións orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2024, polas cantidades indicadas, para a anualidade 2024.

3º.- A duración deste contratos é de un ano (data prevista de inicio o 1 de maio de 2024), con posibilidade de tres prórrogas de un ano. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	17/72



6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2023.

Escrito do Concello de Guitiriz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 108 a 117 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Guitiriz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (108 a 117) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.


2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2024, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	18/72





Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/ investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2024.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/03/2023, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Guitiriz presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
GUITIRIZ	108	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN ALTAMIRA (ROCA), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	100,01€
	109	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN RIOSECAO (SANTA MARINA), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	108,84€
	110	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN SANTA MARINA (SANTA MARINA), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	0,00€
	111	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN XUNTO A IGREXA E A CARREIRA (LABRADA), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	100,00€
	112	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO A CASAS NOVAS- AS PENAS (PIGARA), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	122,84€
	113	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN AS PENAS, A GRANXA VELLA, SAN CRISTOVO E ESTREMIL (LABRADA), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	100,00€
	114	ACONDICIONAMENTO ACCESOS A IGREXA, SANTA MARINA, PORCELO (PIGARA), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	100,00€
	115	PAVIMENTACIÓN ACCESOS EN FORCAS (VILAR), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	222,11€
	116	MELLORA DE ACCESO NO NÚCLEO DE CEZAR (LAGOSTELLE), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	145,19€
	117	MELLORA DE CAMIÑOS EN BELOUCHADA (PARGA) E CARBALLO (SAMBREIXO)	1531.76201	99,99€

5. Por escrito de data 16/04/2024 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
GUITIRIZ	REM	PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO BAXOI-VILARES	1531.76201	12.816,02€	1.098,98€	13.915,00€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan único 2023, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	19/72



Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Guitiriz, no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Guitiriz e incluír no PUC/23, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
GUITIRIZ	REM	PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO BAXOI-VILARES	1531.76201	12.816,02€	1.098,98€	13.915,00€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación de convenio interadministrativo a subscribir co Concello de Viveiro.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Dona María Loureiro García, en nome e representación do Concello de Viveiro, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 3 de abril de 2024, escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, da “Adquisición de tractor e brazo desbrozador”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural, engadindo documentación complementaria o día 8 do mesmo mes.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	20/72





No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actuación obxecto do convenio e o cumprimento do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 19 de abril de 2024.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:


1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Viveiro do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adquisición de tractor e brazo desbrozador” no Concello de Viveiro, ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	21/72



E doutra, dona María Loureiro García, alcaldesa do Concello de Viveiro, con NIF P2706700H e sede social na Praza Maior, 1, CP 27850, Viveiro, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.


Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

1. a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	22/72





deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.


Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	23/72



3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financiera e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	24/72





Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.


A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público - público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	25/72



resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (Lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
Adquisición de tractor e brazo desbrozador	140.000 €
CUSTE TOTAL	140.000 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
140.000 €	0 €
TOTAL: 140.000 €	


As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Viveiro.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	26/72





Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio pretendese contribuír a un axeitado mantemento da rede viaria municipal, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.

4.2. O Concello de Viveiro.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro, comprométese ao seguinte:


1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025.
3. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
4. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
6. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas.

- 1.- Achega da Deputación.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	27/72



A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 140.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Viveiro financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será de titularidade do Concello de Viveiro.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Viveiro se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/ Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.


e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(O modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio).

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	28/72





1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o Concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministrados e servizos) (o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio) Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado. Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio. Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10 % da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que de cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias).

Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(O modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio).


3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	29/72



decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.


Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	30/72





- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control. Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.


Décimo segunda.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	31/72



2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 140.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, a

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	32/72





favor do Concello de Viveiro, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación de convenio interadministrativo a subscribir co Concello de Barreiros.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Dona Ana Belén Ermida Igrexas, en nome e representación do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, solicitou mediante escrito, que tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade o 3 de abril de 2024, a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, da “Contratación de tres peóns para mantemento da rede viaria e espazos públicos no rural”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP. Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 19 de abril de 2024.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	33/72



1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de barreiros, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Contratación de tres peóns para mantemento da rede viaria e espazos públicos no rural” no Concello de Barreiros, ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, dona Ana Belén Ermida Igrexas, alcaldesa do Concello de Barreiros, con NIF P2700500H e sede social na rúa Vila, 63, CP 27790, Barreiros, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.


Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	34/72





“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:


“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

1. a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	35/72



Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

- “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	36/72





desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financiera e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	37/72



teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público-público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.


En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	38/72





Actuación	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
Contratación de tres peóns para mantemento da rede viaria e espazos públicos no rural	31.751,28 €
CUSTE TOTAL	31.751,28 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
30.000 €	1.751,28 €
TOTAL: 31.751,28 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Barreiros.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio pretendese a mellora dos servizos públicos no rural.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:


1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

4.2. O Concello de Barreiros:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Barreiros, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Encargarse da dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	39/72



- 4.0 prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.
5. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
6. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
8. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 30.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Barreiros efectuará unha achega de 1.751,28 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do Concello de Barreiros.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Barreiros se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2025. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/ Interventor do Concello na que se recolla:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	40/72





- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
- e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
- f) Descrición dos traballos realizados (ubicación e temporalidade) polo persoal contratado.

(O modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio).

Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(O modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio).

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	41/72



1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:
 Que de cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias).
 Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
 Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
 (O modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio).
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	42/72





Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodaráse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.


Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	43/72



Décimo segunda.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	44/72





(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)."

As partes comprométese a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 30.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, derivado da subscrición do dito convenio."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


Terceiro.- *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no acondicionamento do vial dende Ferreiros ata San Pedro do Río e do camiño de acceso a Escouride; na mellora do acceso a Buisan e na rexeneración de firme asfáltico no núcleo de San Pedro do Río e os honorarios técnicos (Proxectos técnicos e direccións de obra). Ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"En relación ao asunto de referencia (Exp. 2024/PES_03/007775) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	45/72



Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 12 de maio de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, a aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada para cooperar no acondicionamento do vial dende Ferreiros ata San Pedro do Río e do camiño de acceso a Escouride; na mellora do acceso a Buisan e na rexeneración de firme asfáltico no núcleo de San Pedro do Río e os honorarios técnicos (proxectos técnicos e direccións de obra). ano 2023 por importe total de 116.806,60 € e do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 114.806,60 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral da anualidade do 2023.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada para cooperar no acondicionamento do vial dende Ferreiros ata San Pedro do Río e do camiño de acceso a Escouride; na mellora do acceso a Buisan e na rexeneración de firme asfáltico no núcleo de San Pedro do Río e os honorarios técnicos (proxectos técnicos e direccións de obra). ano 2023 formalizouse o 23 de maio de 2023.

Terceiro.- O representante do Concello de A Fonsagrada remitiu escrito, o 17/04/2024 (2024RT007265) no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o disposto na cláusula terceira, que establece como prazo inicialmente previsto de execución o 31 de agosto de 2024.

Este prazo pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. Vista a dificultade de executar as actuacións inicialmente previsto.

Solicito: A ampliación do prazo de execución das actuacións ata o 15 de novembro e o prazo de xustificación ata o 01 de decembro de 2024.”

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.


“(…)

3.2. O Concello de A Fonsagrada.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Fonsagrada, comprométese ao seguinte:

(…)

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	46/72





5. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

(...)"

Na cláusula Cuarta. Réxime económico.

"(..)

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de A Fonsagrada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de setembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

(...)"

Na cláusula Quinta. Duración do convenio interadministrativo.

"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público..

Na cláusula Sexta .Modificación.

"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	47/72



favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o Concello de A Fonsagrada nos termos da addenda incorporada ao expediente.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no acondicionamento do vial dende Ferreiros ata San Pedro do Río e do camiño de acceso a Escouride; na mellora do acceso a Buisan e na rexeneración de firme asfáltico no núcleo de San Pedro do Río e os honorarios técnicos (proxectos técnicos e direccións de obra). Ano 2023 cuxa addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no acondicionamento do vial dende ferreiros ata San Pedro do Río e do camiño de acceso a Escouride; na mellora do acceso a Buisan e na rexeneración de firme asfáltico no núcleo de San Pedro do Río e os honorarios técnicos (Proxectos técnicos e direccións de obra). Ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E, doutra parte, don Carlos López López, Alcalde, do Concello de A Fonsagrada con NIF P2701800A e sede social en Praza do concello s/ n, 27100, A Fonsagrada, que actuando en nome e representación da citada entidade segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.


Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 12 de maio de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, a aprobación do texto do convenio

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	48/72





interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada para cooperar no acondicionamento do vial dende Ferreiros ata San Pedro do Río e do camiño de acceso a Escouride; na mellora do acceso a Buisan e na rexeneración de firme asfáltico no núcleo de San Pedro do Río e os honorarios técnicos (proxectos técnicos e direccións de obra). Ano 2023 por importe total de 116.806,60 € e do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 114.806,60 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral da anualidade do 2023.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada para cooperar no acondicionamento do vial dende Ferreiros ata San Pedro do Río e do camiño de acceso a Escouride; na mellora do acceso a Buisan e na rexeneración de firme asfáltico no núcleo de San Pedro do Río e os honorarios técnicos (proxectos técnicos e direccións de obra). ano 2023 formalizouse o 23 de maio de 2023.

Terceiro.- O representante do Concello de A Fonsagrada remitiu escrito, o 17/04/2024 (2024RT007265) no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o disposto na cláusula terceira, que establece como prazo inicialmente previsto de execución o 31 de agosto de 2024.

Este prazo pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. Vista a dificultade de executar as actuacións inicialmente previsto.

Solicito: A ampliación do prazo de execución das actuacións ata o 15 de novembro e o prazo de xustificación ata o 01 de decembro de 2024.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio formalizado o 23 de maio de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:


Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (114.806,60€).

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	49/72



2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de A Fonsagrada.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Fonsagrada, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 2.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Asumir a coordinación da seguridade e saúde.

3. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

4. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

5. O prazo inicialmente previsto de execución é o 15 de novembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”


Cláusula cuarta.- Réxime económico.

A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 114.806,60 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	50/72





2.- Achega do Concello.

O Concello de A Fonsagrada aportará para a execución do convenio o financiamento de 2.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de A Fonsagrada.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de A Fonsagrada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 1 de decembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.


Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	51/72



Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 23 de maio de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.


Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, da validación de gasto en relación ca factura de Probisa Productos Bituminosos, S.L. por omisión de fiscalización de obrigas sen contrato.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBJECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.	5626202468000350	19/03/24	28.139,79€	Subm.pemulsion asfaltica para o P.Móbil 2024/FAC-01/001069	SUBM.	DO 1 AO 15 DE MARZO DE 2024	9201.210 92024/3110
TOTAL			28.139,79 €				

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	52/72





Total: 28.139,79 €

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se corresponden con gastos estrictamente necesarios para a execución das prestacións provinciais.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 16 de abril de 2024 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 28.139,79 € segundo a base 20.2 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e proponendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 28.139,79 €:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.	5626202468000350	19/03/24	28.139,79€	Subm.pemulsion asfaltica para o P.Móbil 2024/FAC-01/001069	SUBM.	Do 1 ao 15 de marzo 2024	9201.210 92024/3110
TOTAL			28.139,79 €				

Total: 28.139,79€.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, da validación de gasto en relación ca factura de Recambios Frain, S.L. por omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	53/72



O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
RECAMBIOS FRAIN S.L.	2024V-CR-634198	29/02/24	7.956,36	Subm.pezas para rep. e mantem.vehiculos P.Móbil 2024/FAC-01/001119	SUBM.	Do 3 ao 29 de Febreiro 2024	9201.22111 92024/3118
TOTAL			7.956,36 €				

Total: 7.956,36 €.

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 16 de abril de 2024 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 7.956,36 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propondo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 7.956,36 €:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
RECAMBIOS FRAIN S.L.	2024V-CR-634198	29/02/24	7.956,36 €	Subm.pezas para rep. e mantem.vehiculos P.Móbil 2024/FAC-01/001119	SUBM.	Do 3 ao 29 de Febreiro 2024	9201.22111 92024/3118
TOTAL			7.956,36 €				

IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA		Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	54/72





Total: 7.956,36€.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, da validación de gasto en relación ca factura de Canteira do Penedo, S.A. por omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona, que foi conformada polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
CANTEIRA DO PENEDO,S.A.	B.51	31/01/24	8.451,88 €	Subm.áridos para o Parque Móbil 2024/FAC-01/001203	SUBM.	Do 18 ao 31 de xaneiro de 2024	9201.210 92024/3333
TOTAL			8.451,88 €				

Total: 8.451,88 €.

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 16 de abril de 2024 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 8.451,88 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	55/72



Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propoñendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 8.451,88 €:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
CANTEIRA DO PENEDO,S.A.	B.51	31/01/24	8.451,88 €	Subm.áridos para o Parque Móbil 2024/FAC-01/001203	SUBM.	Do 18 ao 31 de xaneiro de 2024	9201.210 92024/3333
TOTAL			8.451,88 €				

Total: 8.451,88 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


8.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 21 DO POLÍGONO INDUSTRIAL “OS ACIVROS”, CONCELLO DE CHANTADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En data de 22 de marzo de 2024, foi presentado un escrito por D. Iñaki Castiñeira Alemany, en representación da empresa UDEICA SL, mediante o que expón que está interesado na adquisición da parcela número 21, situada no Polígono Industrial “Os Acivros” de Chantada e solicita a súa adquisición por importe de corenta e cinco mil cincocentos sesenta euros (45.560,00 €) máis IVE mediante pago por transferencia.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021 e modificado mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	56/72





A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 10 de setembro de 2021, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial “Os Acivros” do Concello de Chantada aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 21 do Polígono Industrial “Os Acivros” no Concello de Chantada ten un prezo de licitación , publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de corenta e cinco mil cincocentos sesenta euros (45.560,00 €) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, recolle na súa cláusula 20:

“No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións”.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 19 de abril de 2024, con CSV IV7XSGSTDIH5JK4T2BFRMH7X6M.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 22 de abril de 2024, con CSV IV7XSP7TLVONZBG6YX4HE3YFJY.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 21 do Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, a favor da empresa UDEICA SL por importe de corenta e cinco mil cincocentos sesenta euros (45.560,00 €) máis IVE, mediante pago ao contado e de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento.

2º.- Formalizar o contrato compraventa da parcela número 21 do Polígono Industrial “Os Acivros” no Concello de Chantada, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de UDEICA SL.

3º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 21 do Polígono Industrial de “Os Acivros”, no Concello de Chantada, con referencia catastral 0354817PH0105S0001F.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	57/72



9.- PROPOSTA RELATIVA Á URBANIZACIÓN E CESIÓN DE VIAIS A FAVOR DO CONCELLO DE LUGO PARA ACCESO AO INMOBLE PROVINCIAL CEDIDO Á ASOCIACIÓN RAIOLAS-LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que por acordo do Pleno Provincial celebrado na sesión do día 29 de xullo de 2014 acordouse a cesión gratuíra dun inmoble provincial a favor da Asociación Raiolas situado no Campus universitario de Lugo e por un prazo de 20 anos.

Con data de 8 de setembro de 2014 esta Deputación de Lugo formalizouse o acordo de cesión do inmoble provincial a favor da Asociación Raiolas coa finalidade de ser un centro de día para persoas con TEA.

Tendo en conta o inmoble está situado na rúa do Campus universitario (detrás da Biblioteca Intercentros) e para a adecuación dos accesos e urbanización do edificio cumpre que, previamente ao outorgamento da licenza municipal das obras, os propietarios dos terreos cedan gratuitamente os terreos destinados a viais a favor do Concello de Lugo (artigo 20 da lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Esta Deputación de Lugo é a propietaria dos citados terreos polo que o acordo do Pleno Provincial celebrado o 27 de febreiro de 2018 adoptou por unanimidade a citada cesión a favor do Concello de Lugo. Esta cesión foi aceptada polo Concello de Lugo mediante acordo adoptado na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 27 de xuño de 2018 segundo certificación expedida o día 28.06.2018 baixo o CSV WC206JZrBWVaHcXBFLlyzA==.

Non obstante a formalización da cesión dos viais quedou pendente da urbanización e regularización catastral dos terreos cedidos segundo o contido Segundo e Terceiro do citado acordo local .

Segundo.- Condicionar a devandita cesión á presentación neste Concello por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo, dunha escritura ou documento administrativo equivalente, na que se recollan tódolos extremos relativos ás citadas cesións, incluíndo a corrección da situación catastral de todos os terreos a ceder, libres de cargas e gravames, sendo os custos da mencionada escritura, de ser o caso, por conta da entidade cedente, ao igual que en tódolos demais casos de cesións obrigatorias de terreos.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	58/72





Terceiro.- Condicionar igualmente a presente cesión á realización por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo das obras de urbanización dos terreos a ceder, en condicións semellantes ao entorno no que se atopan inseridos, debendo unha vez finalizadas as obras, comunicar ó Concello o seu remate, a fin da expedición dun acta de recepción, na que se contemplen as obras realizadas, o seu estado, así como a correspondente garantía da execución.

A tales efectos a Unidade de Proxectos emite informe o 05.03.2024 no que expresa entre outro o seguinte teor literal:

Cumprimento das condicións establecidas nos apartados segundo e terceiro do acordo de aceptación:

Para o cumprimento do establecido no apartado segundo, realízase informe de validación gráfica fronte a parcelario catastral polo Enxeñeiro Técnico Agrícola desta Deputación, Manuel Pérez Gómez, no que se reflexa a parcelación inicial, o resultado da modificación para a cesion dos terreos obxecto do presente informe, así como superposición coa cartografía catastral.


A parcela obxecto de cesión será a definida no referido informe como NOVA_A, que se axusta ao establecido no referido acordo. A superficie, segundo medición final realizada, é de 7.851 m² (conforme coas aliñacións establecidas no planeamento vixente e resultado da aplicación destas coas ortofotos e planimetría actualmente existente).

Respecto ao condicionante establecido no apartado terceiro, as obras previstas están finalizadas, de conformidade coa “Memoria valorada de pavimentación acceso edificio centro de día para persoas con TEA”, atopándose en bo estado de conservación e tendo transcurrido o prazo de garantía esixido á empresa constructora, o que se deberá poñer en coñecemento do Concello de Lugo a fin da expedición dun acta de recepción.

Ademais xunta informe de validación gráfica fronte a parcelario catastral identificado baixo o CSV: 31GB2A77HQ9VJ7TP do 12.01.2024 e o seguinte plano con ortofoto e superficie de cesión a escala 1:800.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	59/72





Visto o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio asinado o día 24.04.2024 baixo o CSV IV7XTXI5IEFIST46246QI37WMM no que expresa que Tendo por realizadas as actuacións conducentes ao cumprimento dos condicionantes segundo e terceiro do acordo da Xunta de Goberno local adoptado na sesión celebrada o 27 de xuño de 2018 relativos á urbanización dos terreos cedidos para viais de acceso ao citado inmovble provincial e da súa regularización catastral darase traslado ao Concello de Lugo e no seu caso procederase a súa formalización en documento administrativo.

Visto que a proposta de acordo non ten transcendencia económica e non está sometida a fiscalización pola Intervención Provincial.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Dar traslado ao Concello de Lugo do cumprimento das actuacións conducentes á realización dos condicionantes segundo e terceiro do acordo da Xunta de Goberno

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	60/72





local adoptado na sesión celebrada o 27 de xuño de 2018 relativos á urbanización dos terreos cedidos para viais de acceso ao inmovible provincial, da súa regularización catastral e proceder a súa formalización en documento administrativo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ANEXO EXPROPIATORIO E DO INICIO DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DO PROXECTO DA OBRA “ANTAS DE ULLA.- CONSTRUCCIÓN DO PARQUE CENTRAL DE GALICIA NO LUGAR DE NUGALLÁS”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 30/12/2021 aprobou o proxecto da obra denominado “ANTAS DE ULLA.- Construcción do Parque Central de Galicia en Nugallás”, para o que é necesario a ocupación de terreos de titularidade privada.

Para dar cumprimento ao artigo 17.1 da *Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF)* e aos efectos de describir os bens necesarios a expropiar en todos os aspectos, material e xurídico, en abril do 2024 foi redactado polo Servizo de Medio Ambiente o anexo expropiatorio do citado proxecto.

Segundo o artigo 17.2 da LEF, cando o proxecto de obras e servizos comprenda a descrición material detallada dos bens e dereitos de necesaria expropiación, a necesidade de ocupación entenderase implícita na aprobación do proxecto, pero o beneficiario estará obrigado a formular a mencionada relación de bens aos efectos da determinación dos interesados.

O anexo expropiatorio inclúe a descrición material e xurídica, a relación concreta e individualizada dos bens a expropiar e o plano parcelario, polo que coa súa aprobación, entenderase implícita a necesidade de ocupación.


Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguintes acordos:

1º.- Aprobar o anexo expropiatorio do proxecto da obra denominado “ANTAS DE ULLA.- Construcción do Parque Central de Galicia en Nugallás”.

2º.- Iniciar o expediente expropiatorio para a adquisición dos bens afectados necesarios para a execución da citada obra.

3º.- Someter o anexo expropiatorio e a relación individualizada de bens a información pública, mediante anuncio no BOP, nun xornal de tirada provincial e no taboleiro de

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	61/72



anuncios do Concello de Antas de Ulla, en cumprimento do disposto no artigo 18 da LEF.

4º.- Aprobar a notificación individual a cantas persoas aparezan como interesadas no procedemento expropiatorio, de acordo co disposto no artigo 21.3 da LEF.

5º.- Considerar o presente acordo como definitivo unha vez transcorrido o prazo de información pública se non se presentan alegacións, ou unha vez resoltas estas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN AUTONÓMICA E LOCAL POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN FINAL DA AXUDA CONCEDIDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O PROXECTO “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL”, DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (AXUDAS EMP-POEJ), AO AMPARO DO REAL DECRETO 1234/2018, DO 5 DE OUTUBRO DE 2018.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:


“Tendo en conta que no Boletín Oficial do Estado de data 6 de outubro de 2018 dáse publicidade ao Real Decreto 1234/2018 de 5 de outubro de 2018 do Ministerio da Política Territorial e Función Pública no que se establecen as bases para a concesión directa de subvencións a entidades locais para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP – POEJ).

Que con data 11 de xaneiro de 2019 a Xunta de Goberno desta entidade aproba a concorrencia de 4 solicitudes- proxectos, entre os que se atopa o proxecto Medida 8.2.3.3. Axudas ó autoemprego, co nome de “Tu empleo social en el rural”.

Que con data 26 de abril de 2019, a Dirección General de Cooperación Autonómica y Local, resolve a concesión directa das subvencións a entidades locais para a financiación dos proxectos solicitados pola deputación, incluído o proxecto 8.2.3.3. Axudas ó autoemprego, co nome de “Tu empleo social en el rural.”

Que esta medida persegue contribuír a aumentar o emprendemento das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través da creación de empresas, Custo da axuda

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	62/72





económica aos participantes para o apoio durante a fase inicial dos seus proxectos profesionais de autoemprego e/ o de emprendemento colectivo: SMI x nº meses x 0,75.

Os participantes deberán permanecer de modo efectivo na actividade profesional inherente ao proxecto polo menos 6 meses, para que o custo sexa elixible.

Con data 13 de decembro de 2022, preséntase ante a Subdirección Xeral de Cooperación Local por parte da Deputación de Lugo a solicitude de liquidación da subvención concedida para o proxecto 8.2.3.3. Axudas ó autoemprego, co nome de "Tu empleo social en el rural", pola cantidade de 17.100,00 €, ó que lle correspondería unha axuda FSE de 15.713,19.


Que con data 24 de outubro de 2023, remítese Oficio por parte da Dirección Xeneral de Cooperación Autonómica e Local, como Organismo Intermedio que ten atribuída a responsabilidade de comprobar que se levou a cabo a entrega dos bens ou a prestación dos servizos obxecto de cofinanciamento, que se cumpriron as normas comunitarias e nacionais aplicables na materia e que, segundo proceda, os custos foron abonados ou se cumpriron as condicións para o reembolso do gasto, todo iso segundo o establecido no artigo 125.4 a) e 125.5 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, del Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, no que se comunica unha minoración da axuda concedida debido a que un dos beneficiarios deuse de alta como autónomo pero dentro dunha Sociedade Civil xa constituída con data posterior a estar dado de alta no sistema nacional de garantía xuvenil simultaneando a condición de autónomo coa alta no réxime xeral da Seguridade Social. O Organismo Intermedio outorga un prazo de 10 días para presentar alegacións.

Con data 15 de novembro de 2023 remítense alegacións por pare da Sección de Promoción Económica e Emprego, nas que se aclara:

Que Yoel Regueiro Quinteiro dáse de alta con data 25.08.2020 como traballador autónomo no censo de empresarios, profesionais e retedores dentro do réxime especial de agricultura, gandería e pesca. Segundo estipúlase para a medida 8.2.3.3 no artigo 9 Real Decreto 1234/2018, do 5 de outubro, dentro das accións posibles, esta alta como traballador autónomo pode ser de forma individual ou como persoa xurídica, polo que non incumpre ningún precepto de devandito real decreto.

Que Yoel Regueira Quintero desenvolveu a súa actividade empresarial na Sociedade Civil denominada CIJA SC. Esta empresa estaba constituída polos pais do beneficiario que desenvolvían unha actividade gandeira. A solicitude presentada para a subvención deste proxecto, que se quería aproveitar para que o beneficiario sumásese ao proxecto empresarial con visos de darlle unha continuidade xeracional á

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	63/72



empresa, foi rexistrada con data 24.07.2020 (anéxase solicitude), presentando posteriormente un certificado de estar rexistrado no sistema nacional de garantía xuvenil de data de 29.07.2020 (anéxase certificado de inscrición no sistema nacional de garantía xuvenil).

Esta planificación viuse truncada no momento en que se lle recoñece ao pai do beneficiario, e socio da empresa, unha incapacidade permanente total derivada de enfermidade profesional impedindo a este continuar coa actividade. A partir deste intre o beneficiario debe adiantar os prazos de incorporación á empresa familiar e dáse de alta con data 25.08.2020 (anéxase informe de vida laboral), 26 días antes da publicación da concesión da subvención, motivado pola necesidade de recambio xeracional na estrutura da sociedade civil.

Desde a Deputación Provincial de Lugo enténdense cumpridos os requisitos establecidos nas bases do programa xa que, o beneficiario, por causas de forza maior, tivo que darse de alta previamente á publicación da concesión da subvención co fin de preparar o recambio xeracional como socio na empresa familiar Cija SC. Esta circunstancia asimilouse aos casos recolleitos nas bases para o acondicionamento inicial do centro de traballo. En todo caso, e como período para xustificar a subvención, considerouse como data de inicio de actividade o día seguinte ao da publicación da concesión da mesma, 20.09.2020, cumprindo os 12 meses de alta precisos para recibir o segundo pago con data 19.09.2021.

O beneficiario deuse de alta con data 25.08.2020 no censo de empresarios, profesionais e retedores dentro do réxime especial de agricultura, gandería e pesca. Con posterioridade, con data 08.06.2021 é dado de alta no réxime xeral por conta allea pola entidade Galitec Desenvolvementos Tecnolóxicos SL. (achégase escrito). A partir dese momento o traballador atópase en situación de pluriactividad, definido no artigo 9 do Real Decreto 2064/1995, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral sobre Cotización e Liquidación doutros Dereitos da Seguridade Social, como a situación do traballador por conta propia e/o allea cuxas actividades dean lugar á súa alta obrigatoria en dúas ou máis Réximes distintos do sistema da Seguridade Social.

Que con data 19 de febreiro de 2024 remítese, por parte do Organismo Intermedio, contestación do escrito presentado no que, a pesar de estimar en parte as alegacións presentadas, mantén a minoración efectuada con data 24 de outubro de 2023, segundo se relaciona no seguinte cadro:

Entidad Beneficiaria	Solicitud de reembolso	Certificado por el beneficiario	Total a minorar	Importe validado
Diputación provincial de Lugo	271595.AEF001	17.100 €	8.550 €	8.550 €

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	64/72





Que con data 18 de abril de 2024 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, resolve aprobar a liquidación final da axuda concedida á Deputación Provincial de Lugo para o proxecto “Tu empleo social en el rural”, dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo (Axudas EMP-POEJ), admitindo un custe elixible de 7.856,59 €, tendo en conta que se subvenciona ata un 91,89 % do importe validado (8.550,00 €), outorgando un Importe final de axuda do custe elixible validado igual a 7.070,93 €, segundo se desagrega no seguinte cadro:

LIQUIDACIÓN SUBVENCIÓN DEL PROYECTO	
IMPORTE DE LA AYUDA CONCEDIDA	15.713,19 €
Importe ayuda del gasto elegible validado	7.856,59 €
Penalización por incumplimiento de objetivos (10%)	-785,66 €
Importe neto de la ayuda	7.070,93 €
Total pagos realizados a la Entidad	0,00 €
SALDO DE LA AYUDA PENDIENTE DE LIQUIDAR	7.070,93 €

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, Proponse á Xunta de Goberno que se adopten o seguinte acordo:

Aprobar a aceptación a resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local pola que se aproba a liquidación final da axuda concedida á Deputación Provincial de Lugo para o proxecto Tu empleo social en el rural”, dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo (Axudas EMP-POEJ)], por un Importe final da subvención igual a 7.070,93 €.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/007, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	65/72



Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/007, correspondente á Asociación Vecinal Cultural Deportiva San Vicente de Pena as obras de “Dotación mobiliario local social”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.680,05 €.

Terceiro.- Por Resolución da Presidencia de data 26 de xaneiro de 2024 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 2.840,02 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Cuarto.- A Asociación Vecinal Cultural Deportiva San Vicente de Pena, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Quinto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Vecinal Cultural Deportiva San Vicente de Pena (Begonte), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/007, destinada ás obras de “Dotación mobiliario local social” por un importe de 5.680,05 €, así como o aboamento de 2.840,03 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/021, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	66/72





provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/021, correspondente ao MVMC da Cervela as obras de “Mellora de pista na CMVMC da Cervela”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- O MVMC da Cervela, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC da Cervela (O Incio), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/021, destinada ás obras de “Mellora de pista na CMVMC da Cervela” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2023/060 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	67/72



2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/060, correspondente á Agrupación de Veciños de Viloide as obras de “Mellora firme de camiño”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- don Luis Rodríguez Ferreiro con nº NIF ***1593**, en representación da Agrupación de Veciños de Viloide (Monterroso), presenta escrito con data de rexistro de entrada 17 de abril de 2024, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2023/060.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por don Luís Rodríguez Ferreiro con nº NIF ***1593**, en representación da Agrupación de Veciños de Viloide (Monterroso), e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 12 de decembro de 2023, tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/060, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios. Ano 2023, por importe de 6.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANO 2023.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 13 de decembro de 2023, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 289, do 19 de decembro de 2023, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2023; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	68/72





Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

Entidade	Subvención
CIRCULO RECREATIVO CASINO DE MONDOÑEDO	1.277,00
ASOC ANPA GALIÑA AZUL	960,00

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencions concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 28 de xullo de 2023, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 064 do 18 de marzo de 2023, para a concesión de subvencions destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Vicepresidente, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB DE BILLAR SNOOKER SARRIA (EN CONSTITUCION)	BILLAR	505,00

17.- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PERANTE A SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTICIA DE CASTILLA E LEÓN CONTRA O ACORDO DE DATA 28 DE MARZO DE 2023 DO PLENO DO CONSEJO COMARCAL DE EL BIERZO (LEÓN) POLO QUE SE APROBA O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO MUNICIPIO DE CANDÍN POLO DE VALLE DE ANCARES.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto, o informe do Secretario Xeral desta entidade de data 25 de abril de 2024 de cuxo contido é o seguinte:

i. “O Consello Comarcal de El Bierzo adopta acordo o 28 de marzo de 2023 que se publica no BOCYL de 6.3.2024, polo que se aproba o cambio denominación de Candín por Valle de Ancares co seguinte teor:

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	69/72





III. ADMINISTRACIÓN LOCAL

A. DISPOSICIONES Y ACTOS

CONSEJO COMARCAL DE EL BIERZO (LEÓN)

ACUERDO de 28 de marzo de 2023, del Pleno del Consejo Comarcal de El Bierzo (León), por el que se aprueba el cambio denominación del municipio de Candín por el de Valle de Ancares. Expte.: 2021/22.

A iniciativa del Ayuntamiento de Candín, perteneciente a la Comarca de El Bierzo, se inició procedimiento para el cambio de nombre de Candín por el de Valle de Ancares.

Teniendo en cuenta la normativa de aplicación y los informes obrantes en el expediente, y que se han observado en la tramitación del procedimiento las exigencias previstas en el artículo 24 de la Ley 1/1998, de 4 de junio, de Régimen Local de Castilla y León.

El procedimiento ha sido iniciado por acuerdo del Ayuntamiento de Candín con la mayoría señalada en el artículo 47.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, resultando acreditado en el expediente que el cambio de denominación tiene justificación histórica y que la misma no coincide ni produce confusión con otras denominaciones ya existentes.

En su virtud, de conformidad con la competencia atribuida por la delegación de la función de «aprobación definitiva de alteración del nombre y capitalidad del municipio», de la Junta de Castilla y León, para los municipios que formen parte de la Comarca de El Bierzo (Decreto 76/2006, de 26 de octubre, Boletín Oficial de Castilla y León n.º 210, de 31 de octubre de 2006), adoptar el siguiente acuerdo:

Primero. Aprobar el cambio de denominación del Municipio Candín, que pasará a denominarse «Valle de Ancares».

Segundo. El cambio de denominación será efectivo una vez se anote en los registros de Entidades Locales de la Administración del Estado y de la Comunidad Autónoma y se publique en el Boletín Oficial del Estado.

Contra el presente acuerdo, dictado por delegación, que pone fin a la vía administrativa, puede interponer potestativamente recurso de reposición potestativo ante el órgano de Consejería de Presidencia y ordenación Territorial de la Junta de Castilla y León, en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente al de la publicación del presente anuncio, de conformidad con los artículos 9 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector público y artículo 7 del Decreto 76/2006, de 26 de octubre, Boletín Oficial de Castilla y León n.º 210, de 31 de octubre de 2006, o directamente recurso contencioso-administrativo, ante la sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León, en el plazo de dos meses, a contar desde el día siguiente al de

CV: BOCYL-D-06032024-23



la recepción de la presente notificación, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 8, 10 y 46, de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. Sin perjuicio de que los interesados puedan ejercitar cualquier otro recurso que estimen más conveniente a su derecho.

Ponferrada, 1 de febrero de 2024.

El Presidente,

Fdo.: OLEGARIO RAMÓN FERNÁNDEZ

ii. O Concello de Candín (León), en sesión celebrada o día 16 de decembro de 2020, aprobou inicialmente o cambio de nome deste municipio para que pase a denominarse Ancares e someteu este acordo á preceptiva información pública por medio de edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia de León con data do 30 de decembro.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	70/72





iii. A Deputación Provincial de Lugo, entendeu que o cambio de denominación do municipio de Candín para denominarse Ancares, vulneraba o previsto na lexislación de aplicación; carece de fundamentación histórica rigorosa e completa que tal modificación esixe; ignoraba o feito incontestable de que Ancares é unha realidade territorial moito máis ampla que un único municipio, pois dálle nome a toda unha comarca conformada fisicamente pola denominada Serra dos Ancares e os seus accidentes xeográficos (portos, vales, etc.) sobre a que se asentaban varios municipios das provincias de Lugo e de León; e obvia tamén a existencia dunha ampla realidade social, cultural, medioambiental e etnográfica cunha identidade propia e única, que comparte rasgos, e tamén retos e oportunidades comúns, e que esta ampla realidade está amparada baixo figuras de protección recoñecidas por organismos a nivel autonómico, nacional e mesmo internacional, como é o caso da UNESCO.

iv. O anterior motivou que a Deputación con base a informes xurídicos, técnicos e históricos presentase alegacións ao cambio de denominación do municipio para pasar a chamarse Ancares, solicitando de forma expresa que, en consideración das devanditas alegacións expostas e fundamentadas, o Pleno do Concello de Candín, acordase a súa estimación e que, en consecuencia, procedese ao arquivo do expediente para o cambio de denominación do municipio para pasar a denominarse Ancares ou que, en todo caso, pase a incorporar ao seu topónimo a alusión á súa pertenza a Ancares, pasando a denominarse Candín de Ancares.


v. O Concello de Candín desestima parcialmente as alegacións da Deputación ao considerar que a oposición e a denominación “Ancares” e non a de “Valle de Ancares”, e aproba “...el cambio de denominación del Municipio de Candin, que pasará a denominarse Valle de Ancares en base a los fundamentos que constan en el acuerdo inicial.” e remitir o expediente completo ao Consello Comarcal do Bierzo, quen ostenta a competencia por delegación da Xunta de Castela e León, a fin de que proceda á aprobación definitiva do cambio de denominación do municipio, acordo que adopta o 28 de marzo de 2023 e que se publica no BOCYL de 6.3.2024.

A xuízo desta Secretaría, cómpre interpor o correspondente recurso contencioso-administrativo fronte o anterior acordo, polos seguintes motivos:

Primeiro.- Vulnera o previsto na lexislación de aplicación en concreto a normativa reguladora da denominación do municipio e as súas súas alteracións. Entre outras cabe citar a Lei 1/ 1998, de 4 de xuño do Réxime Local de Castela e León, e tamén ou, o Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, apartándose ademais do procedemento establecido para esta tramitación.

Segundo.- Resulta contraria á pretensión formulada por esta Deputación no trámite de alegacións.

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	71/72



Na súa virtude, o funcionario que subscribe considera que o acordo adoptado polo Consello Comarcal de El Bierzo o 28 de marzo de 2023 que se publica no BOCYL de 6.3.2024, polo que se aproba o cambio de denominación de Candín por Valle de Ancares debe ser impugnado ante a xurisdición contencioso-administrativa na Sala do Contencioso-Administrativo do TSJCYL., pois –ao noso xuízo non tomar en consideración os motivos traídos por esta administración no expediente administrativo, e por vulnerar o previsto na lexislación de aplicación.

Criterio este que se somete a calquera outro mellor fundado en Dereito.”

Visto o anterior, é polo que se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- A interposición recurso contencioso- administrativo por parte da Deputación Provincial de Lugo contra o acordo de data 28 de marzo de 2023 do Pleno do Consejo Comarcal de El Bierzo (León) BOCYL de 6.3.2024 polo que se aproba o cambio de denominación do municipio de Candín polo de Valle de Ancares. Expte.: 2021/22, perante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Castela de León.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica da Entidade para que os Letrados procedan a dita interposición.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Por parte do señor Presidente comunícase ós/ás señores/as deputados/as que, tendo en conta que o venres día dezasete de maio é festivo, a Xunta de Goberno correspondente ao citado día celebrárase o seguinte martes día vinte e un de maio.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Fecha y Hora	30/04/2024 14:14:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4DS3ND5MTCB6SQ4GGNQSEA	Página	72/72

